

## SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 27 DE SETEMBRO DE 2018

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:20 minutos do día 27 de setembro de 2018 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D. José Yebra Amorín; D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D<sup>a</sup> Magdalena Ron Villar, D<sup>a</sup> Juana Romero García e D<sup>a</sup> Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta da sesión anterior.

O concelleiro do BNG Xabier Molinos anuncia a abstención do seu grupo neste punto da orde do día alegando que acadaron a acta recentemente e non tiveron tempo para estudiala. Tamén puntualiza que probablemente se debera a que tiñan a caixa de correos chea.

A voceira de FLI tamén anuncia a abstención alegando que non tivo tempo para lela.

Sométese a votación a aprobación da acta da sesión plenaria celebrada o día 28 de xuño de 2018.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco abstencións.

### **2. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL CC1-1º FASE**

O Alcaldía da conta sucinta do contido da modificación, que se reduce á ordenación dos retranqueos, incorporación do uso dotacional e fixación da parcela mínima (que estaba reflexada no proxecto de compensación pero non no plan de sectorización).

A voceira do PSdG-PSOE refréndase no dito en anteriores plenos que é que o que necesita o Concello e un novo plan xeral, polo que anuncia a abstención.

O voceiro do BNG anuncia a abstención dos concelleiros do seu grupo xa que non acadaron acceder á información relativa a este punto, xa que onte estivo co Secretario tentando habilitar o acceso electrónico e algo debeu fallar, xa que logra acceder á información relativa ao seguinte punto da orde do día e non á relativa a este punto en concreto.

Non obstante, comparte a opinión da compañeira do PSdG-PSOE, segundo a cal o Concello debería afrontar a redacción de un Plan Xeral.

A voceira de FLI anuncia igualmente abstención pola insuficiencia do tempo outorgado para estudar un asunto coma este e, por outra banda, considera que a ordenación urbanística debe facerse a través de un Plan Xeral que actualice o planeamento á lexislación vixente.

O Alcalde recorda que este punto tratouse na comisión informativa de asuntos do Pleno que foi convocada o venres anterior e hoxe estamos a xoves.

A concelleira do PSdG-PSOE alega que se convocou o venres pero non se remitiu até o luns.

Asemade, o Alcalde alega que o Concello dispón de un instrumento de planeamento xeral que ordena todo o termo municipal e que o proxecto que se somete a votación cumpre coa lexislación vixente xa que, de non ser así, non podería ser aprobada.

A voceira de FLI insiste en que, se ben a convocatoria fíxose o venres, no houbo xeito de acceder á documentación até que o Secretario a remitiu por correo electrónico o luns. Así que o venres, sábado e domingo non puideron acceder á documentación, polo que unicamente dispuñeron de un día para estudar a documentación.

O Alcalde asegura que o sábado abre o concello e que poderían acceder á documentación pero que, en calquer caso, se o luns tivo a documentación e hoxe estamos a xoves, polo que tivo máis de un día.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da modificación puntual do Plan de Sectorización CC1-1º Fase.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco abstencións.

### **3. APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO**

O Alcalde expón a seguinte proposta de resolución:

“.....”

Con esta proposta preténdese adicar unha parte importante do remanente de tesourería a inversións e servizos necesarios.

Este remanente obtívose tras unha temporada de contención do gasto mantendo un nivel de servizos aceptables e agora é o tempo de invertilos.

A voceira de FLI afirma que o Alcalde segue a administrar ao marxe dos principios de transparencia e legalidade. Recorda que fai uns tres meses aprobáronse os orzamentos de 2018, é dicir, incumprindo o prazo legal para a súa aprobación.

Pese ao retraso na aprobación dos orzamentos non lle cadran as contas e xa ten que modificalas. Isto pon de manifesto unha errónea previsión orzamentaria.

Por outra banda, a modificación non cumpre coa legalidade, xa que, tal e como informa a Interventora, non cumpre coa regra de gasto, polo que é preceptivo e obrigatorio que se faga un plan económico-financieiro.

Por tal motivo, o grupo FLI solicita que se cumpra coa legalidade e se formule un plan económico-financieiro.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos, recorda que o grao de capacidade financeira obtense restando so capítulos I a VII de gastos aos capítulos I a VII de ingresos, tras aplicar os axustes correspondentes. Por outra banda, na memoria dos orzamentos para o exercicio 2018, explicaba que a suficiencia dos ingresos para financiar os gastos orzamentados permitía falar de equilibrio orzamentario. Con esta modificación está a romper o equilibrio orzamentario, xa que está a gastar máis do que recauda.

Pero o máis preocupante é que o Alcalde, pese a coñecer o contido do informe de Intervención que alerta de que o proxecto de modificación orzamentaria infrinxe a lei, pretende aprobala. Isto pode considerarse como un acto de prevaricación.

Pregunta si a partida adicada a saneamento ten como finalidade implantar este servizo en novas parroquias ou ben devolver os cartos aos veciños que tiveron que sufragar a súa implantación, como en Robra.

Advirte que se citan partidas xenéricas coma fomento do deporte ou servicios complementarios de educación, sen concretar o destino final dos cartos. Tamén considera que se prevé a execución de obras que deberían preverse no orzamento, non nunha modificación de crédito.

Afirma que se está a facer no CEIP un gran investimento e que supón que iría precedido dun estudo previo de necesidades. Nembargantes, agora prevense actuacións tales coma mellora no patio ou melloras de acceso ao colexio. ¿Non se preveron anteriormente estas necesidades?. ¿Porqué non se solicitou axuda financeira á Xunta para acometelas?.

Prevese igualmente unha partida de 105.000 euros para acondicionamento de camiños. Parece que agora toca “botar pichi” á vista das eleccións. Recorda que fai pouco votou en contra de que as empresas medeiras se fagan cargo dos estragos que producen nas pistas e agora propón que tódolos veciños financien o seu arranxo.

Conclúe que segue a incumprir sistemática a lei e que carece totalmente de un proxecto de goberno, actúa dende a improvisación e está disposto a prevaricar.

A voceira do PSdG-PSOE, recorda que os orzamentos trouxéronse tarde e que, pouco despois, xa están a modificarse nunha contía importante e que abranguen gastos previsibles que deberían recollese no orzamento.

O Alcalde afirma que o proxecto cumpre a legalidade, pese aos alegatos de sempre dos concelleiros da oposición que, neste intre e ante a proximidade das eleccións, suben o tono.

Recorda que os créditos iniciais do orzamento non se poden financiar con remanente de tesourería, e que este remanente sólo se pode utilizar a través da tramitación dun suplemento de crédito.

Por outra banda, os concelleiros da oposición contradícense permanentemente, xa que nun pleno instan a empregar o remanente de tesourería e no seguinte critican que se empregue.

E recorda que os cartos públicos están para invertilos e mellorar a calidade de vida dos cidadáns, que é o que se está a proponer.

Informa que a modificación que se pretende aprobar se financiar co superhábit acado nos últimos anos, mantendo unha calidade de servizos comparable a calquer concello e sen débeda algunha. Unha interpretación estricta da regra de gasto conduce a que non se poda gastar o superhábit se teña ou débeda pública. Este concello non ten débeda e non ten sentido que non se poida invertir o remanente existente en servizos para os cidadáns.

A voceira do PSdG-PSOE, pregúntalle ao Alcalde quen é o que subiu o tono.

O Concelleiro do BNG Xabier Molinos apela á responsabilidade e a ética política. E afirma que a regra de gasto non é cousa do BNG nin está de acordo con ela, pero é un mandato legal que hai que cumprilo.

Se agora se incumpre a regra de gasto débese a que en exercicios anteriores non se executou debidamente o orzamento e agora, por tal motivo, vese atrapado.

O Concelleiro da lectura en viva voz de un extracto do informe da Interventora no que se advirte que existe un déficit de financiamento que implica un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, polo que informa da necesidade de adaptar medidas urxentes de contención do gasto. Máis adiante informa do provisible incumprimento da regra de gasto así coma que, en tanto na liquidación do exercicio 2017 puña de manifesto un incumprimento da regra de gasto, faise imprescindible a formulación dun plan económico-financieiro.

Recorda que noutras ocasións o grupo municipal do BNG, por responsabilidade apoiou propostas de modificación orzamentarias. Pero neste intre o Alcalde pretende chantaxear aos grups da oposición alegando que si non se está de acordó coa modificación non se está de acordo coa realización de investimentos a favor da cidadanía.

Pero debe recordarse que este remanente de tesourería xenerouse en parte por obras que non foron quen de executar e, en parte, polo incremento da carga fiscal dos cidadáns (fundamentalmente IBI) e agora, á vista das eleccións, consideran que é o momento de gástalo.

Finalmente pregunta ao Alcalde qué pretende facer cos preto de cincocentos mil euros que quedan de remanente.

A voceira de FLI afirma que, gústelle ou non, o Alcalde está a incumprir a legalidade, tal e como afirma claramente o informe de Intervención.

E insiste en que non se opoñen a que se invirta o remanente de tesourería, senón a que se faga dun xeito ilegal, e para poder empregalo débese facerse un plan económico-financieiro.

O Alcalde resposta á voceira do PSdG-PSOE que cando falou de subir o tono non se refería a ela.

Tamén lamenta que non se faga nunca un debate político sobor o proxecto de orzamento, sobor a conveniencia de invertir nun ou noutro servizo. En vez de facer esto, os concelleiros da oposición limítanse a discutir cuestións de legalidade.

Sorpréndese tamén que aleguen que se fan os investimentos cos cartos dos veciños, xa que non se imaxina de qué outro xeito se poden facer, xa que todo investimento ou servizo público finánciase polos cidadáns.

No que atinxe á regra de gasto, non é razoable que un concello que non ten débeda e que acumula ano tras ano superhábit, non poida empregar este superhábit en investimentos ou servizos públicos, xa que os cartos públicos teñen que revertir nos cidadáns.

No que se refire ás obras do CEIP, actualmente a Xunta de Galicia está a invertir un millón de euros, e iso é porque o concello crece cando os restantes concellos baixan en poboación.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de modificación orzamentaria.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco votos en contra.

#### **4. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR AO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI A QUE ELABORE E DESENVOLVA UN PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA**

A voceira do PSdG-PSOE asume a defensa da moción presentada con número de rexistro de entrada de 21 de setembro de 2018, e do seguinte teor literal:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR AO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI A QUE ELABORE E DESENVOLVA UN PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO MUNICIPIO

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Concello de Outeiro de Rei é un dos concellos da Comarca de Lugo que máis recursos turísticos recoñecidos presenta: artesanía, actividades, natureza, patrimonio, rutas, centros de interpretación, festas ou feiras.

Dicimos recoñecidos pois nesta clasificación aparecen recollidos na páxina web do concello. Abofé que hai un traballo importante feito neste senso mais actualmente sensiblemente insuficiente.

Outeiro de Rei está cheo de moitos máis lugares e elementos de interese que a maiores dos que se amasan na rede deben ser recollidos e postas en valor.

Para isto, resulta imprescindible a colaboración dos veciños e veciñas do concello, de cada pobo, de cada aldea ou de cada parroquia, amplos coñecedores do que existe ou existiu no lugar que habitan. Nun medio rural en decadencia, estes axentes son os que deben de cobrar máis importancia á hora de mantelo e promocionalo para gañar a autoestima necesaria que impulse o progreso en pro! dun futuro máis esperanzador. O desenvolvemento turístico pois, debe ser participativo e participado.

Debemos esquivar por tanto a estratexia que o Partido Popular está a levar a cabo a outros niveis, acostumado a crear axencias xestionadas por grandes intelectos que adoecen dunha perspectiva real do territorio e das súas necesidades e que imponen criterios teóricos de dubidosa ideosincrasia popular.

Comezar a casa polo tellado amosa resultados insostibles no tempo: páxinas web moi ben deseñadas mais carentes de contidos atractivos, con fundamento e conectados cos valores do territorio.

Chegados a este intre é preciso dar un paso atrás e recoller todo o potencial turístico do noso concello e desenvolve-lo a través dunha ferramenta que permita que se faga de xeito integral. Que todos os recursos tanto públicos como privados poidan medrar da man en prol do beneficio común.

Para isto é preciso tamén detectar e axudar a por en marcha todas as iniciativas que sexan capaces de conectar o concello dun xeito potenciador: veciños e veciñas, asociacións, fundacións, empresas e concello.

O Grupo Municipal Socialista considera que todo isto pódese acadar a través dun Plan de Dinamización Turística Municipal, mediante o cal poidamos planificar e dotar de contidos construtivos o desenvolvemento turístico do noso concello.

Segundo o exposto, o Grupo Municipal Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes acordos:

1.- Instar ao Concello de Outeiro de Rei a elaborar e desenvolver un Plan Integral de Dinamización Turística que sexa capaz de aportarlle ao concello o valor necesario para medrar dun xeito harmónico a través dos seus principais recursos e atractivos.

2.- Instar ao Concello de Outeiro de Rei a que este Plan sexa o suficientemente participativo como para que a maioría dos habitantes do municipio se sintan identificados con él”

Rematada a defensa da moción, o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xabier Molinos Campos, recorda que ao longo da lexislatura o seu grupo político trouxo a este Pleno numerosas iniciativas vencelladas, directa ou indirectamente, coa potenciación dos recursos do termo municipal, tanto do patrimonio artístico e cultural (Casa Forte, Mámoas, sobor as Torres... etc) coma dos valores ambientais e do patrimonio ambiental así coma a creación de infraestruturas.

Todas estas actuacións, ademáis de mellorar a calidade de vida dos veciños, traerían turistas e dinamizarían o tecido socioeconómico municipal. E todas estas actuacións, que deberían integrarse nun plan de dinamización turística, están sen facer.

A concelleira de FLI, Juana Romero, ratifica as palabras dos concelleiros dos grupos da oposición e recorda que están a proponer da cote este tipo de actuacións sen resposta polo equipo de goberno.

O Alcalde reconece que en Outeiro de Rei, ao igual que na Provincia de Lugo, e mesmo en Galicia, existen numerosas carencias no eido turístico, xa que ten un rico patrimonio cultural e ambiental pero que require de fortes investimentos e queda moito por avanzar a día de hoxe.

Tamén afirma que un Concello sólo non pode facer grandes cousas en materia turística. Aquí chegouse a contratar a un dinamizador turístico, fixéronse investimentos de sinalización e divulgación de rutas turísticas, potenciáronse casas de turismo rural e museos, púxose en marcha a feira de artesanía... etc. Tamén informa que o Concello realiza accións de dinamización turística coa Mancomunidade acudindo de xeito conxunto á feira FITUR ou a TURISPORT. O Concello fixo un gran esforzo pero queda moito por facer.

Cree que un concello coma Outeiro de Rei, de xeito individual, non é que para potenciarse coma destino turístico relevante, senón que ten que integrarse nun Xeodestino (coma a Ribeira Sacra) a fin da aglutinar oferta a aunar esforzos para acadar mellores resultados e que en outros sitios acadaron bos resultados.

Dende esta perspectiva, e xa que considera que coinciden en que queda moito por facer e que é un sector moi importante, estaría disposto a apoiar a moción si se acepta a seguinte enmenda:

“Que o concello sega a impulsar o turismo de xeito conxunto coa Mancomunidade ou noutros foros mediante a planificación e a xestión dos recursos turísticos”.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE acepta a enmenda.

O Concelleiro do BNG anuncia que apoiarán a moción, pero solicita ao equipo do Goberno que actúen, xa que o seu grupo político trouxo unha morea de iniciativas neste eido e non foron tidas en conta.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo PSdG-PSOE coa enmenda formulada polo voceiro do grupo municipal do PP.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos concelleiros da Corporación.

## **5. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO PARA A CONSTRUCCIÓN DE UNHA PISCINA MUNICIPAL**

A voceira do PSdG-PSOE asume a defensa da moción presentada con número de rexistro de entrada de 21 de setembro de 2018, e do seguinte teor literal:

**“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PISCINA MUNICIPAL**

O Grupo Municipal Socialista en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A falta de servizos públicos é unha constante que se repite en Outeiro de Rey de maneira preocupante. A súa perfecta situación, como núcleo tradicional e como vila dormitorio dos veciños de Lugo convida a contar cunha poboación suficiente como para ir máis aló dos servizos esenciais.

Por iso, A falta dunha piscina municipal tradúcese en ver a peregrinaxe dos veciños deste Concello nos meses de calor, polas piscinas públicas doutros concellos ou instalacións privadas cos gastos e desprazamentos que iso supón para poder bañarse.

A situación orzamentaria da que presume o Alcalde, aínda que non sexa por xestión, senón por falta de investimento, fai que estean paralizados máis dun millón de euros como remanentes de tesourería, sen ter nin unha finalidade, nin que facer fronte a ningún gasto previsible como expropiacións ou sentenzas.

Polo exposto, e ante a falta de espazos de ocio no Concello e a situación de remanentes, o Grupo Municipal Socialista do presenta para o seu debate e posterior aprobación, a seguinte moción:

Esixir ao Equipo de Goberno do Concello de Outeiro de Reí que presente, antes do final do presente exercicio orzamentario, un proxecto para a construción dunha piscina municipal a cargo dunha operación de suplemento de crédito.”

Engade que a piscina podería empregarse asemade para a impartición de cursos de natación, non soamente para nadar. Tamén é coñecedora da existencia da piscina en Bonxe, pero ésta non é cuberta e ademáis é privada”.

O concelleiro do BNG, Xabier Molinos, anuncia a súa abstención, tanto por coherencia coa postura defendida no asunto relativo á modificación de crédito, como polo feito de que antes de tomar unha decisión sobor a construción dunha piscina cuberta habería que facer moitas contas antes, xa que ademáis da construción está o mantemento, que é moi caro e pode ser unha hipoteca.

A voceira de FLI aclara que non é ilegal facer unha modificación de crédito, senón facelo sen aprobar previamente un plan económico-financieiro.

No que atinxe á moción, é unha boa proposta, xa que ao igual que temos varios campos de fútbol podemos ter unha piscina, que tamén é deporte e tamén é saúde.

O Alcalde considera que ter unha piscina climatizada estaría moi ben pero ten un problema, xa que hai que financiar a súa construción e o seu mantemento.

A día de hoxe, a piscina de Bonxe funciona como piscina pública en virtude dun convenio asinado fai algún ano co titular do Campo de tiro, razón pola cal temos cuberto o servizo de piscina pública.

Agora ben, pola información que teño de outros concellos con poboación moi superior, é moi custoso manter unha piscina cuberta. Para acadar o financiamento necesario para o seu mantemento, ou ben se establecen taxas que cubran o custe do servizo (o que implicarían unhas taxas moi elevadas e que, finalmente, os veciños non disfrutaran da piscina) ou ben taxas máis mederadas e financiar o servizo cos restantes ingresos municipais, o que levaría a que, ou ben se reducen outros servizos, ou ben se incrementan os impostos para afrontar este novo gasto.

Sería moi fácil apoiar a moción e solicitar á Deputación que constrúese a piscina, pero esto non suprimiría o problema do mantemento, por este motivo, e a pesares de que lle gustaría moito dispor de este servizo, non pode apoiar esta moción a día de hoxe.

Pon coma exemplo un concello próximo, que ten unha piscina cuberta rematada dende fai seis anos e financiada íntegramente pola Deputación, e a día de hoxe non foi quen de poñela en funcionamento.



A voceira do PSdG-PSOE, afirma que esta preocupación polo mantemento tamén debería aflorar a preocupación polos custes de mantemento do circuito de cars, servizo que non poden disfrutar os veciños.

O Concelleiro do BNG, don Xabier Molinos, aproveita para solicitar que na próxima tempada se solventen as deficiencias do funcionamento da piscina de Bonxe, xa que este ano foron moitas as queixas sobre o seu funcionamento. Tamén solicita que se melloren as zoas de baño de O Piago ou Santa Isabel, que son públicas e non é tan custoso adecentarlas.

A voceira de FLI anuncia a súa abstención en tanto considera que sería necesario facer previamente un estudo de custes.

O Alcalde afirma que o circuito de cars (realmente, circuito de seguridade vial) ten un mantemento baixísimo e está aberto ao seu uso por tódolos veciños eso si, si empregan vehículos acordes as súas características.

O anterior circuito tiña preto de vinte anos e non tivo máis mantemento que o desbroce da parcela, a pesares do cal o firme estaba en condición aceptables, polo que non é comparable cos custes de mantemento de unha piscina climatizada.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do PP, catro abstencións e un voto a favor, pertencente ao concelleira do PSdG-PSOE.

## **6. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE O CONCELLO DE OUTEIRO REBAIXE O IBI AO MÍNIMO LEGAL E INCLÚA DESGRAVACIÓNS POLA INCORPORACIÓN DE ENERXÍAS ALTERNATIVAS NAS VIVENDAS OU FAMILIAS CON BAIXOS INGRESOS**

O voceiro do grupo municipal do BNG asume a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

**MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE OUTEIRO REBAIXE O IBI AO MÍNIMO LEGAL E INCLÚA DESGRAVACIÓNS POLA INCORPORACIÓN DE ENERXÍAS ALTERNATIVAS NAS VIVENDAS OU FAMILIAS CON BAIXOS INGRESOS**

Exposición de motivos:

O concello de Outeiro de Rei ten un tipo de gravame no IBI (contribución urbana) por riba do mínimo que contempla a lei.

Para o BNG non se xustifica non ter o IBI ao mínimo legal se se ten en conta que o goberno municipal non é capaz de gastar unha boa parte do orzamento de cada ano e tampouco os remanentes de tesourería que ten de anos anteriores.

Ao mesmo tempo, a presión sufrida pelas veciñas e veciños das empresas eléctricas é cada vez maior, converténdose nos últimos meses en algo que empeza a ser insoportable.

Ademais di so, a sensibilidade social cara ao problema medioambiental que crean as enerxías tradicionais é cada vez mellor, estando cada vez máis aceptado o uso das enerxías sostibles e que dañen o medio o mínimo posible.

A lei contempla que no recibo do IBI se poida bonificar unha parte del durante certo tempo a aquelas vivendas que incorporen enerxías alternativas, cuestión que podería paliar en parte os impostos que se lle impuxeron nos últimos anos e, ao mesmo tempo, animar a futuros usuarios a usar este tipo de enerxías para manter a súa vivenda.

Por outra banda tamén existe a preocupación dunha boa parte da cidadanía de Outeiro polo feito da inxustiza deste imposto, pois non ten en conta para nada os ingresos que poidan ter as familias que viven nelas á hora de determinar a cota a pagar.

Dende o BNG eremos que aquelas familias que estean sen traballo ou que teñan salarios ou pensións por debaixo dos límites de renda considerados internacionalmente como dignos, deben estar exentos deste imposto.

Se ben é certo que a lei non permite a exención, si que permite sacar unha convocatoria pública de subvencións para familias nestas condicións, para que con estas axudas poidan pagar os impostos municipais e, máis concretamente, o IBI.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política do BNG de facer sempre propostas construtivas para mellorar as condicións de vida das persoas do concello, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte acordo:

1. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal para que propoña a este Pleno unha reforma da ordenanza do IBI que inclúa as seguintes cuestións: Rebaixa do tipo impositivo ao mínimo legal que contempla a lei.

Que contemple a máxima bonificación posible para aquelas vivendas que incorporen para o seu funcionamento enerxías alternativas sostibles e respectuosas co medio ambiente.

2. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal a que elabore unha convocatoria pública e con bases obxectivas destinadas a subvencionar o pago dos impostos municipais por parte de familias que teñan uns ingresos por debaixo do salario ou pensión mínima, respectivamente (ou do límite que o Pleno determine)".

Rematada a defensa da moción, toma a palabra a concelleira de FLI así coma a concelleira do PSdG-PSOE, quen respaldan a moción.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que non pode estar a favor con esta moción e recorda que este tema xa se tratou neste pleno varias veces.

No ano 2016 aprobouse unha rebaixa do tipo impositivo, que baixou do 0,6 ao 0,45, e recorda que tamén se aprobaron unha serie de bonificacións para as familias numerosas, así coma o 2% para a domiciliación do pago.

A esta bonificación engádense os beneficios fiscais previstos no convenio de Galicia doing business, e que fai a este concello un dos máis competitivos.

Lamenta que o BNG, por unha banda, solicite a baixa dos impostos e por outra que se gasten máis cartos, ao tempo que solicitan que se empregue o remanente de tesourería e, no mesmo pleno, critiquen que se empregue o remanente de tesourería.

Non é responsable pedir que baixen todos os impostos e, ao mesmo tempo, pedir que melloren os servizos, por iso esta proposta non se pode aceptar, xa que o tipo impositivo xa é moi baixo e a recadación actual é necesaria para manter os servizos existentes.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que nón é incoherente solicitar que rebaixen os impostos aos veciños cando o concello ten bloqueados os cartos no banco, xa que o ano pasado a liquidación aflorou un remanente de tesourería de máis de un millón de euros, que son cartos recadados aos veciños e que non se empregan para prestar servizos.

Polo tanto, aínda que se rebaixen os impostos, non se verían afectados os servizos.

No relativo ás bonificacións existentes, a única que existe é a relativa ás familias numerosas, bonificación da que podería beneficiarse Ruiz Mateos con doce fillos e millonario e non unha viuda coa pensión mínima.

Tampouco é serio afirmar que as situacións máis graves se resolven coa emerxencia social, xa que non se pode establecer un sistema tributario que funcione indo a chorar ao despacho do Alcalde. As normas teñen que ser claras e estar prefixadas e a súa aplicación non pode depender da vontade ou caridade do Alcalde.

A voceira de FLI respalda o dito polo voceiro do BNG, e pregunta cuántas empresas se implantaron en Outeiro de Rei no último ano, a pesares de que o Alcalde afirma que é un concello moi competitivo.

Engade que sería máis xusto un sistema que bonifique a capacidade económica que o simple feito de ter unha familia numerosa.

O voceiro do grupo municipal do PP recórdalles que para tributar en función da renda está o IRPF, e non o IBI, xa que non se pode fixar un tipo impositivo para o mesmo ben en función de quen sexa o seu propietario. Os concelleiros da oposición encheron a boca de acusacións de ilegalidade nun punto anterior e agora están a proponer que se vote unha ilegalidade.

Recorda que o Concello de Outeiro de Rei non legisla, e que o sistema de bonificacións está reservado á Lei.

Califica a moción de populista, xa que están a facer o de sempre, pedir que se fagan as cousas gratis.

No relativo ao remanente de tesourería, parece mentira que non sepan que xa non queda remanente de tesourería, xa que foi precisamente neste Pleno onde se aprobaron as modificacións de crédito nas que se aprobou empregar este remanente para financiar determinadas obras.

Polos motivos expostos, o voceiro do grupo municipal do PP anuncia que non poden apoiar esta moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do PP, e cinco votos a favor.

## **7. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE O PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO REPROBE AO SEU ALCALDE E PIDA A SÚA DEMISIÓN POR MENTIR Á VALEDORA DO POBO**

O voceiro do grupo municipal do BNG asume a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

**MOCIÓN PARA QUE O PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO REPROBE AO SEU ALCALDE E PIDA A SÚA DEMISIÓN POR MENTIR Á VALEDORA DO POBO**

Exposición de motivos:

É unha obriga ineludible para un cargo público dicir sempre a verdade, máxime cando é por escrito e a unha entidade que debería ser respectada por todos e todas como é a Valedora do Pobo.

Neste caso, pódese comprobar dun xeito totalmente obxectivo que o Alcalde de Outeiro mentiu dun xeito descarado no escrito de contestación a este organismo ante a queixa que presentara o BNG por non darnos acceso a documentación de xustificación de dietas por desprazamento do Alcalde e Tenente de Alcalde.

Esta mentira ademais tiña como único obxectivo, dende o punto de vista do BNG, o de intentar tapar as "chanchulladas" e "cacicadas" que se fan co cobro de dietas de desprazamento no concello de Outeiro de Rei por parte do Alcalde e Tenente de Alcalde.

Este tipo de actitudes son sempre deplorables en calquera persoa, pero moito máis nun cargo público como é un Alcalde que debe xestionar tanto os intereses como os recursos das persoas que dependen da Administración que preside.

É por todo o exposto con anterioridade, que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei reproba ao Alcalde deste concello, o señor José Pardo Lombao, por mentirlle á Valedora do Pobo e, como consecuencia disto solíciatlle a súa inmediata dimisión do cargo que ostenta”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra a voceira de FLI, quen califica os feitos como moi graves, xa que se impide o exercizo das súas funcións constitucionais que son o control e fiscalización da acción do goberno municipal.

Anuncia a abstención do seu grupo, xa que necesitan estudar a documentación a fin de analizar as posibles responsabilidades, que incluso poden ter natureza penal.

O Alcalde solicita ao Secretario que informe da actuación administrativa neste asunto.

O Secretario informa que cando se presentou a solicitude de documentación ésta se remitiu a tesourería, xa que os datos solicitados constan nos servizos económicos. A tesourería fixo un pequeno informe onde se indicaban os montantes das dietas percibidas polos concelleiros nos períodos solicitados.

Agora ben, do mesmo xeito que se fixo anteriormente, agardaron a que os concelleiros solicitantes da información se acercaran ao concello a recabala. Este xeito de actuar está respaldado no ROF, xa que prevé a estimación por silencio administrativo da solicitude de acceso ao quinto día natural trala solicitude.

É certo que os servizos económicos interpretaron erróneamente o alcance da solicitude, xa que informaron da contía total das dietas e non recopilaron os xustificantes o declaracións aportadas.

O Secretario esqueceuse da solicitude até que chegou a solicitude de información do valedor do pobo, momento no que se dictou a resolución expresa, recabouse novamente o expediente pola Secretaría e constatouse nese intre que a información recopilada non coincidía coa solicitada polos concelleiros do BNG.

Tan pronto coma recibiron o acto expreso de acceso, os concelleiros do BNG acercáronse a Secretaría, onde únicamente constaban as solicitudes cursadas en papel (ano 2016 até a entrada en funcionamento da administración electrónica). A tarefa de recopilación dos documentos electrónicos tardou uns días máis, e tan pronto foi recopilada, entregouse en formato dixital aos concelleiros.

O Alcalde afirma que, tras cinco días, recoñécese por silencio administrativo o dereito de acceso e, por outra banda, os servizos administrativos teñen unha carga de traballo que non lles permite acadar de un día para outro os documentos xerados no último ano e medio.

Recorda que non existe ningún ánimo de ocultación, xa que as dietas do Alcalde apróbanse nas xuntas de Goberno e os concelleiros teñen acceso inmediato ás mesmas. Non teñen nada que obxectar a que accedan aos xustificantes xa que a Administración ten que ser transparente.

O concelleiro José Yebra Amorín intervén afirmando que apunta os quilómetros que fai e invítalle a que suba ao coche con él calquer día e o comprobe de primeira man. Asegura enérxicamente que non é ningún rastreiro e que nunca estivo implicado en ningún acto dubidoso.

O voceiro do BNG asegura que non está a tratar o fondo da cuestión, senón nas formas.

Recorda que no seu momento denunciaron a práctica de pagar salarios encubertos a través da percepción de dietas, e lamenta que posiblemente terminen pagando xustos por pecadores neste punto, xa que algún se cubren ben as espaldas neste tema. Non dubida que o Tenente de Alcalde se mereza unha retribución e que traballe a reo, pero a retribución mediante dietas de locomoción non é o sistema e corre o risco de hipotecalo.

Asegura que non está aquí para discutir con un funcionario, e que o Secretario sabe perfectamente o que pasou ou igual que él. Toma nota do recoñecemento por silencio administrativo do dereito de acceso cara o futuro, se ben afirma que nunca se lle deixou ver un expediente en Intervención se non existía un acto expreso de recoñecemento.

Conclúe afirmando que no informe ao Valedor do Pobo se decía que a documentación estaba disponible na Sede Electrónica e iso no era certo, de feito todavía non está a día de hoxe.

O problema non é que se retrase o acceso, xa que podería trasapelarse a solicitude, o problema foi que se mentiu coa finalidade de demorar o acceso no posible.

O Alcalde asegura que non vota a culpa a Intervención ou Secretaría, senón que se despreocupou xa que confiaba que, coma en outras ocasión, se acercarían ao Concello a coller a documentación.

E non se asombre de que non se facilite a documentación sen autorización da Alcaldía, xa que na Deputación de Lugo, sendo o voceiro do BNG responsable político de esa institución, non se facilita documentación algunha sen autorización expresa do Presidente.

O único no que está de acordo co voceiro do BNG é que o Tenente de Alcalde merece máis.

Pregúntalle se algunha vez o Alcalde denegoulle o acceso a algún domento. Nunca se lle denegou nada, outra cousa distinta é que o poidan ter sempre ao día seguinte.

Por este motivo non pensa dimitir.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do PP, tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros do BNG e PSdG-PSOE, e dúas abstencións, pertencentes ás concelleiras de FLI.

## **8. ROGOS E PREGUNTAS**

O Secretario da lectura en viva voz ao seguinte Rogo presentado polas concelleiras do grupo municipal de FLI do seguinte teor literal:

“DOÑA MARIA MAGDALENA RON VILLAR y DÑA. JUANA ROMERO GARCÍA, en su condición de concejales del Grupo Municipal Foro Lugo Independiente y con motivo de la convocatoria del pleno ordinario a celebrar el día 27 de septiembre de 2018 en el Ayuntamiento de Otero de Rey exponen:

Que teniendo conocimiento del reciente incendio forestal ocurrido el día 20 de septiembre de 2018 en San Martín de Guillar en las inmediaciones de la Urbanización de los Alargos y muy próximo también a otras viviendas que no pertenecen a la citada urbanización; incendio este en el cual no hubo que lamentar grandes pérdidas gracias al pronto aviso de los vecinos a las autoridades competentes y a la celeridad de los medios de extinción y también un factor importante gracias a que los fenómenos atmosféricos no fueron adversos al no hacer viento, cosa poco frecuente en esa zona y más en esta época del año, en cuyo caso contrario estaríamos hablando posiblemente de una catástrofe de considerables dimensiones, máxime sabiendo que por parte del grupo de gobierno de este concello eran conocedores de la existencia en las inmediaciones de unos depósitos de gas inflamable, por todo esto y haciéndose eco de la alarma social creada entre los vecinos de la citada zona, se presenta ante el Sr. Alcalde de este Concello EL SIGUIENTE

RUEGO.- Que por parte del Equipo de Gobierno del Partido Popular, se proceda a realizar todas las gestiones que estén en su mano para que se desbrocen todas las

fincas y montes adyacentes y próximas a urbanizaciones y viviendas habitadas al objeto de evitar pérdidas personales y lo que sería imperdonable, la pérdida de vidas humanas”.

O Alcalde informa que, co gallo de facilitar o cumprimento dos deberes de xestión, fai uns cinco anos difundíronse uns planos nos que se grafiaban as fanxas de xestión da biomasa, planos que, ante a recente modificación da lexislación, actualizáronse o ano pasado.

Asemde, dende a entrada en vigor da Lei 33/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, o Concello está a tramitar a rajatabla tódalas denuncias e solicitudes que se presentan, tramitando os expedientes até as últimas consecuencias, incluso coa execución subsidiaria da orde de xestión.

No punto concreto citado no rogo, ante a inseguridade sobor a titularidade do ben, o Concello fixo un desbroce perimetral con medios propios con carácter preventivo, motivo polo cal o lume non chegou ao depósito, senón que se quedou ao límite do desbroce. Oo día posterior ao do lume, mellorouse o acceso á zona e ampliouse a fanxa xestionada.

A concelleira de FLI dona Juana Romero afirma que non é certo, xa que a zona non estaba desbrozada que ela o viu personalmente, e que o Alcalde mentiu cando afirmou no periódico El Progreso que estaba perfectamente limpo.

Tamén asegura que é certo que se desbrozou perimentalmente á urbanización, pero nese punto concreto non.

O Alcalde asegura que en todo o perímetro da urbanización estaba desbrozado, e que nunha fanxa de 20ml. dos depósitos tamén. E asegura que aínda a día de hoxe se sigue a desbrozar, e que o Concello adica un gran esforzo á prevención de lumes forestais, con dúas carroquetas e catro conductores, estando moi por riba das esixencias dos convenios de financiamento coa Xunta de Galicia, a pesares de que non é unha responsabilidade municipal. Tamén dispón de dous tractores para desbrozar e contrata outros tres máis.

A continuación, o Secretario da lectura ao seguinte rogo presentado polos concelleiros do grupo municipal do BNG:

”Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Reí, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da alcaldía o seguinte rogo referido para integrar ao concello no sistema de seguimento integral de violencia de xénero (VIOGEN)

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Sistema de Seguimento Integral de Violencia de Xénero (VIOGEN) permite:

- Aglutinar ás diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero.
- Integrar toda a información de interese que se estime necesaria.
- Facer predición do risco.
- Atendendo o nivel de risco, realizar seguimento e protección ás vítimas.

- Efectuar unha labor preventiva, emitindo avisos, alertas e alarmas, a través do "Subsistema de Notificacións Automatizadas", cando se detecte algunha incidencia ou acontecemento que poida poñer en perigo a integridade da vítima.

Buscando finalmente, establecer unha tupida rede que permita o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas, e das súas fillas e fillos.

É por todo iso polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación para a súa toma en consideración por parte do Alcalde o seguinte rogo para que o concello proceda a efectuar os trámites oportunos para integrar ao Concello de Outeiro de Rei no Sistema de Seguimento Integral da Violencia de Xénero”.

O Alcalde afirma que sí o vai a facer.

A continuación, o Secretario da lectura ao seguinte rogo presentado polos concelleiros do grupo municipal do BNG:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo municipal do bng no concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte rogo referido a sinalización do novo cruce e demais vías na parroquia de Guillar

Exposición de motivos

Como xa temas salientado noutras ocasións, ao longo dos moitos quilómetros de pistas do concello existen multitude de curvas e cruces perigosos e sen visibilidade, ande hai un perigo real de producirse accidentes.

Un destes lugares está na parroquia de Guillar, é o novo cruce (recentemente o concello asfaltou a pista de terra que vai cara o leste) entre a rúa Insua de Seivane e a pista que baixa cara a ferralla; ande non hai ningún tipo de sinalización que indique as preferencias na circulación no cruce existente.

É por todo iso polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación para a súa toma en consideración por parte do Alcalde o seguinte rogo:

Para que coa maior urxencia posíbel se coloquen os sinais que indiquen a preferencia na circulación de vehículos no cruce existente, así como calquera outra medida que os técnicos correspondentes poidan suxerir para mellorar a seguridade na circulación dos vehículos e peóns desta transitada zona do concello”.

O Alcalde afirma que o Concello de Outeiro de Rei foi áxil en mellorar o acceso a ese tramo que estaba en mal estado. A sinalización, coma as restantes cousas, mellorarase cando se poida, se ben non cree que exista unha prioridade neste punto, xa que hai outras zoas com máis tráfico e, polo tanto, prioritarias nese tipo de actuación.

A continuación, o Secretario da lectura ao seguinte escrito de preguntas formuladas polo concelleiros do grupo municipal do BNG:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación



vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte pregunta referida a onde se van investir os cartos que lle corresponde a Outeiro do pacto de estado contra a violencia de xénero.

#### Exposición de motivos

O Estado español vai repartir 689€ a cada concello máis 0'18€ por cada habitante, como parte do compromiso do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero asinado hai un ano.

É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde a seguinte pregunta: A que se destinarán ditos cartos no noso concello?”.

O Alcalde resposta que destinarán a facer prevención contra a violencia de xénero, se ben se adicarán máis cartos que esos xa que esa contía parécelle ridícula, polo que até parécelle ridículo contestar a qué vai adicalos. Insiste en que dita contía debería multiplicarse por dez. En calquer caso, á concelleira delegada non lle levará nin dez minutos pensar a qué adicarán esos cartos. Non obstante, hai que agardar a ter os cartos, xa que a día de hoxe aínda non se ten o compromiso firme de aportación.

A continuación, o Secretario da lectura ao seguinte escrito de preguntas formuladas polo concelleiros do grupo municipal do BNG:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, conce lleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte pregunta REFERIDA A CANDO VAI O CONCELLO ACTUAR PARA RECUPERAR O CRUCEIRO DE SAN MARTIÑO, EN GUILLAR

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pasado pleno do mes de abril salientabamos que a conservación do patrimonio debe ser unha prioridade para calquera administración municipal no ámbito das súas competencias. En consecuencia con este principio, os gobernos das institucións municipais tomarán as medidas apropiadas para salvagarda de todos e cada un dos elementos patrimoniais existentes na contorna xeográfica na cal exercen xurisdición.

E poñiamos en coñecemento que o Cruceiro de San Martiño estaba esnaquizado en varios anacos que pausaban no chan. E dicíamos que este cruceiro é de titularidade pública, que figura recollido no inventario de patrimonio histórico artístico que se pode ver na páxina web do concello de Outeiro de Rei, e mesmo no traballo Catálogo de cruceiros da Terra Chá: Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei

Polo interese histórico patrimonial que representa para os veciños e veciñas do concello en xeral, e da parroquia de S. Martiño de Guillar en particular, presentabamos un rogo para que desde o goberno municipal se fixera o necesario para a súa restauración, tendo en conta a urxencia do caso pola situación grave de deterioro que padece.

É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde a seguinte pregunta:

Cinco meses despois continúa no mesmo estado. Por iso queremos preguntar porque non actúa o Concello? E de pensar facelo. Que vai facer e cando?”.

O Alcalde resposta que non lle consta que ese cruceiro sexa de titularidade pública e, de feito, está en propiedade privada. Non obstante, seguirá a facer pesquisas.

O concelleiro do BNG afirma que, se ben agora está en propiedade privada, o cruceiro é público e, de feito antes estaba en solo público.

O Alcalde afirma que non o recorda e que non lle consta a titularidade pública do cruceiro.

Non habiando máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as dezaseis horas e vinte minutos da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

V<sup>o</sup>P<sup>a</sup>; O Alcalde